

2017

GRUPO DE DESENVOLVEMENTO  
RURAL PONTEVEDRA MORRAZO



# PROFESIONALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA VITICULTURA NA IXP RIBEIRAS DO MORRAZO

**DOSSIER DE INFORMACIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO**



galicia

## 1. Introducción

\* Recentemente ven de publicarse no Diario Oficial de Galicia a orde pola que se lle concede a protección nacional transitoria á Indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo, que agrupa aos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela e Vilaboa. Isto implica que as adegas amparadas baixo este selo, poderán xa nesta campaña comercializar os seus viños. (Diario Oficial de Galicia, num. 49 do día 10 de marzo de 2017).

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo, que xestiona a medida Leader 2014-2020, en colaboración coa Federación de Furancheiros, Loureiros e Viticultores de Pontevedra, está a desenvolver un proceso de dinamización do sector vitivinícola na indicación xeográfica protexida Ribeiras do Morrazo\*.

Esta iniciativa ven a continuar un traballo xa desenvolvido polo GDR, que tiña como obxectivo contribuir a acadar o recoñecemento da calidade destes caldos.

Este proxecto consiste nun programa formativo que tentará dinamizar ao sector, e potenciar os seus coñecementos e o traballo en conxunto en torno ao que este selo de calidade supón. O programa realizarase dende o mes de xullo ata o de outubro, en diferentes localidades do territorio da IXP.

O programa pretende integrar na súa posta en marcha aos axentes sectoriais (furancheiros, viticultores e adegueiros), así como ás administracións locais e de referencia no sector vitivinícola, para reforzalo socialmente. De maneira participada, pretenderase tamén definir as liñas mestras que permitan seguir avanzando na consolidación do sector, así como na capacitación e profesionalización do mesmo nos ámbitos da vinicultura e viticultura.

## 2. Antecedentes

No ano 2013 a Federación de Furancheiros, Loureiros e Viticultores de Pontevedra, á cal se sumaron máis de 200 explotacións vitivinícolas asociadas, impulsou a creación dunha IXP que agrupara a unha serie de concellos das comarcas de Pontevedra e O Morrazo.

No ano 2016, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, deu conta da solicitude de rexistro da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ribeiras do Morrazo, mediante a Orde do 16 de setembro de 2016 adoptando unha resolución favorable en relación á mesma. Esta orde foi publicada no Diario Oficial de Galicia do día 23 de setembro de 2016.

O día 10 de marzo de 2017, o Diario Oficial de Galicia publicou a orde pola que se concede a protección nacional transitoria á Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Ribeiras do Morrazo. Isto significa que na campaña deste ano as adegas dos oito concellos amparados baixo esta IXP e interesadas en producir e comercializar os seus viños baixo este selo de calidade xa poderán facelo.

Os viños da IXP Ribeiras do Morrazo procederán exclusivamente dos viñedos da zona de produción e elaboración constituída polos terreos aptos para a produción de uva por debaixo dos 300 m de altitude dos concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña, Poio, Pontevedra, Redondela e Vilaboa deben estar inscritos no rexistro vitícola.

Tras este recoñecemento, a inscrición final desta IXP deberá contar coa aprobación da Comisión da Unión Europea agora en trámite.

Actualmente, de acordo cos datos do rexistro vitícola, nos 8 concellos que forman a Indicación Xeográfica Protexida hai 2.340 hectáreas de viñado, aínda que non todas poderán fornecer viño á nova IXP xa que non son admisibles todas as variedades que se cultivan senón aquelas de cultivo tradicional sinaladas no correspondente prego de condicións da IXP.

Actualmente segundo a Consellería de Medio Rural hai 7 pequenas adegas legalizadas nesta área xeográfica que producen entre os 20.000 e os 30.000 litros anuais.

### 3. Programa formativo

#### 3.1. Obxectivos

O Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra Morrazo está promovendo un programa formativo, no marco do proceso de dinamización da IXP Ribeiras do Morrazo, que se sustenta nunha metodoloxía de formación-acción. O programa formativo, de carácter práctico, pretende impulsar a participación activa e o dinamismo dos axentes implicados no desenvolvemento e articulación da citada IXP.

Para isto, preséntase unha proposta de traballo de conxuga accións formativas diversas: cursos de formación, obradoiros formativos e visitas no territorio.

Os principais obxectivos que persegue esta proposta son:

1. Reforzar o empoderamento do sector de viticultores e adegueiros da zona comprendida na IXP Ribeiras do Morrazo, fortalecendo o desenvolvemento desta figura de protección da calidade.
2. Impulsar a xeración de iniciativas de emprendemento e emprego ligadas ao mundo da viña e do viño na zona xeográfica.
3. Capacitar a diferentes axentes vinculados á produción, transformación e comercialización, en diferentes técnicas orientadas á mellora da calidades dos viños nesta zona.
4. Reforzar e cohesionar ao sector da viticultura, botando man de accións formativas innovadoras que fomenten o coñecemento práctico e da realidade social da súa contorna.

#### 3.2. Contidos do programa

O programa formativo véterbase en tres áreas específicas, nas que se desenvolverán as seguintes accións formativas:

#### A. A planificación estratéxica para a consolidación da IXP Ribeiras do Morrazo

Este bloque serve como espazo de presentación do proxecto, abordando unha visión da realidade social do sector, en canto ao que supuxo a posta en marcha da IXP, a súa consolidación, e as potencialidades que ten como elemento dinamizador social, económico e ambiental no territorio.

##### Cursos de formación

- Situación actual e contextualización do mundo do viño.

##### Obradoiros formativos

- Dinámicas para o traballo en rede. Diagnose da realidade social da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo
- Dinámicas para o traballo en rede. Retos e prioridades da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo.
- Definimos a folla de ruta.

#### B. A dimensión social e organizativa da IXP Ribeiras do Morrazo

Esta área tentará formar ao colectivo na importancia de impulsar actividades dunha maneira colaborativa, para reforzar á propia IXP, como estrutura social e organizativa. Estas competencias contribuirán a mellorar a capacidade de autoorganización do sector, evitando a fragmentación de intereses particulares fronte a intereses xerais.

##### Cursos de formación

- Marco de aplicación da IXP Ribeiras do Morrazo
- Aplicación práctica dun modelo de IXP.
- Dinámicas asociativas para o desenvolvemento rural

##### Obradoiros formativos

- Definimos as nosas prioridades como grupo
- Aprendemos doutras experiencias

#### C. Capacitación e profesionalización no ámbito da viticultura.

Esta área ten como principal obxectivo o de adquirir unha serie de competencias profesionais no eido da viticultura, reforzando tamén a cohesión social do grupo de axentes do territorio.

### Cursos de formación

- Coñecemento de castes e variedades autóctonas.
- Fertilización e manexo do solo
- Poda e sistemas de formación
- Defensa vexetal, control de doenzas e pragas.

### 3.3. Calendario

#### A. Planificación estratéxica para a consolidación da IXP Ribeiras do Morrazo

DATA	HORA	ACTIVIDADE	LUGAR
14/07/17	16:00	Curso de formación CA1. Situación actual e contextualización do mundo do viño.	C. Social Riomaor Vilaboa
15/07/17	10:00	Curso de formación CA2. Situación actual e contextualización do mundo do viño.	Pazo da Cultura Pontevedra
21/07/17	16:00	Obradoiro de formación OA1: Dinámicas para o traballo en rede. Diagnose da realidade social da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo.	C. Social Riomaor Vilaboa
28/07/17	16:00	Obradoiro de formación OA2: Dinámicas para o traballo en rede. Retos e prioridades da viticultura na IXP Ribeiras do Morrazo.	
29/07/17	10:00	Obradoiro de formación OA3: Definimos a folia de ruta.	

#### B. Dimensión social e organizativa da IXP

DATA	HORA	ACTIVIDADE	LUGAR
08/09/17	17:00	Curso de formación CB1. Marco de aplicación da IXP Ribeiras do Morrazo	Pazo da Cultura de Pontevedra
15/09/17	17:00	Curso de formación CB2. Aplicación práctica dun modelo de IXP.	
22/09/17	17:00	Curso de formación CB3. Dinámicas asociativas para o desenvolvemento rural	
06/10/17	17:00	Obradoiro de formación OB1. Definimos as nosas prioridades como grupo	
29/09/17	17:00	Obradoiro de formación OB2. Aprendemos doutras experiencias.	

#### C. Capacitación e profesionalización no ámbito da viticultura.

DATA	HORA	ACTIVIDADE	LUGAR
04/08/17	10:00	Curso de formación CC1. Coñecemento de castes e variedades autóctonas.	Bueu e Cangas
11/08/17	10:00	Curso de formación CC2. Fertilización e manexo do solo	
01/09/17	10:00	Curso de formación CC3. Poda e sistemas de formación	
02/09/17	10:00	Curso de formación CC4. Defensa vexetal, control de doenzas e pragas.	

## ANEXO I

### Contextualización histórica e situación actual da IXP Ribeiras do Morrazo

As primeiras referencias documentais de cultivo da vide no territorio datan do século XIII. As primeiras regulamentacións coñecidas sobre a elaboración e comercialización do viño son do século XV.


No decorrer da historia da vide e o viño neste territorio, teñen unha importancia relevante as ordes relixiosas (Priorado de Marín e Mosteiro de Poio), as propias vilas que fan medrando e ditando normativas para protexer os viños locais (como por exemplo no século XVI fronte ó viño procedente do Ribeiro), os portos con vocación comercial (Cangas coa súa relación especial con Vigo) e os axentes económicos e sociais (os gremios como o de Mareantes de Pontevedra).

Todo elo configurou unha importante actividade económica no entorno do viño neste territorio, chegando a definir incluso unha cultura e unha identidade propia, e típica, do Morrazo e os fondos das Rías de Vigo e Pontevedra como son os “furanchos” que sobreviven na actualidade e teñen unha forte implantación social.

A expansión do cultivo da vide, neste territorio, posiblemente chegou ós seus máximos a finais do século XVII, onde a presión demográfica fixo necesario que as videiras tivesen que dar paso a outro tipo de cultivos alimenticios, principalmente os cereais.

#### Situación actual

Na actualidade a presenza da vide segue a ser importante neste territorio. Segundo o Rexistro Vitícola de 2012 no territorio da IXP Ribeiras do Morrazo, correspondente ao GDR Pontevedra-Morrazo, existen 1.875 has dedicadas ao cultivo da vide. É dicir o 5,7% do territorio está destinado á produción de uva para a obtención de viño.



Na gráfica anterior, reflíctese a superficie de viñedo por Concello e o seu peso relativo dentro do territorio da IXP.

Esta superficie de viñedo repártese de xeito desigual polo territorio entre as castes autóctonas, recollidas no Prego de Condicións da IXP, e outras, entre as que se encontran os híbridos de produción directa (HPD).

A evolución nestes últimos anos é de perda de superficie de viñedos, fundamentalmente polo abandono da actividade agraria e pola falta de relevo xeracional como consecuencia da falta de incentivos e perspectivas económicas no sector primario, o que leva ao abandono e arranque de viñedos. Así temos que entre o Catastro Vitícola de 1983 e o Rexistro Vitícola de 2012, este territorio perdeu unhas 36 has de viñedos.

Hai que salientar que a perda de superficie de viñedo non se da en todo o territorio, nin é similar en todos os Concellos. Así temos os Concellos de Bueu e Cangas no que a superficie de viñedo se incrementou (nun 58,5% no primeiro caso e nun 7,5% no segundo), mentres que a perda de viñedos sitúase entre o 44% no caso de Marín e o 4,9% de Moaña.

Na actualidade, dentro do territorio da IXP encadrado no GDR Pontevedra-Morrazo, están en plena actividade produtora de viño fundamentalmente tres adegas:

- En Marín a adega “Adega Ardán”, que elabora viños con uva mencia, caíño tinto e albariño.
- En Poio, a adega do “Mosteiro de San Xoán De Poio”, que elabora viño con uva de albariño, fundamentalmente para consumo na súa hospedaría.
- En Vilaboa, a adega “Os Areeiros”, que elabora viños fundamentalmente con uva albariña e caíño.

Ademais é importante sinalar que, ao abrigo do impulso que está a ter o sector vinícola e as perspectivas de futuro que abre a IXP neste territorio, xa se están a producir iniciativas de posta en marcha de novas adegas.




## ANEXO II

### Breve caracterización da IXP Ribeiras do Morrazo

#### O territorio

A viticultura no territorio comprendido na “IXP Ribeiras do Morrazo” ten unha clara influencia marítima: é un territorio delimitado polas rías de Vigo, Pontevedra e o propio océano Atlántico.



Fonte: Asociación Galega de Viticultura

É unha viticultura de influencia atlántica (que ven definida principalmente por pertencer a unha área climática oceánica húmida e con tendencia á aridez), coa maior parte do cultivo situado por debaixo dos 150 metros de altitude, en ladeiras con suaves pendentes e solos moderadamente ácidos, o que lle da unha personalidade propia ós seus viños.

A pesar de que este territorio delimita con subzonas da DO Rías Baixas, e que as propias condicións ecoclimáticas induzan, en principio, a crer que non existen



diferenzas significativas entre estas e o territorio da IXP, a coherencia física, xeográfica e as características propias deste territorio (diferentes exposicións, tipo de solos, situacións microclimáticas...) xustifican plenamente a súa identificación como zona vitícola singular.

#### As vides.

As castes recoñecidas para a elaboración de viños baio o amparo da IXP son sete brancas e sete tintas:

- Brancas: albariño, caíño branco, godello, loureira, treixadura, branco lexítimo e torrонтés.
- Tintas: brancellao, caíño tinto, pedral, espadeiro, loureiro tinto, mencia e sousón.

#### Os viños.

Segundo se reflexa no propio Prego de Condicións da IXP, as principais características organolépticas dos viños da IXP serán: "...frescos e suaves en boca, limpos, brillantes con aromas francos ..., con gradacións alcohólicas moderadas, con aromas florais e de froitas e, finalmente, con boa e equilibrada acedume. Os viños brancos terán potente intensidade aromática e os viños tintos ben cubertos en fase visual."

Son viños secos e cunha gradación alcohólica do 10% para os tintos e 11,5% para os brancos.

#### As parcelas.

A viticultura da zona caracterízase polo reducido tamaño das parcelas de cultivo: as 1.875 has de viñado repártense entre 61.105 parcelas, o que supón un tamaño medio das parcelas de 307 m<sup>2</sup>. e unha maior dificultade de acceso á mecanización e á optimización dos recursos necesarios para a súa explotación.

#### A normativa e control.

A produción de viños ao amparo da IXP Ribeiras do Morrazo farase segundo o Prego de Condicións aprobado para a mesma. Os controis serán realizados polo Instituto de Calidade Alimentaria (INGACAL) dependente da Consellería do Medio Rural.